



Expediente IET: P-20-652
Proxecto: Parque eólico Felga
Concellos: Aranga, Oza-Cesuras e Coirós (A Coruña)
Promotor: Greenalia Wind Power Felga, S.L.U

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

Por medio dun escrito que tivo entrada o 12/11/2020 no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, somete a informe o estudo de impacto ambiental e a documentación do proxecto referido no encabezamento, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

1. Marco legal:

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o órgano substantivo debe consultar ás Administracións públicas afectadas, poñendo á súa disposición o estudo de impacto ambiental e a documentación do proxecto que se somete a avaliación. Conforme ao artigo 5 da Lei 21/2013, entre as Administracións afectadas atópanse as que teñen competencia específica en materia de paisaxe.

Este informe emítese de acordo co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e co artigo 32 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio), en relación coas competencias establecidas no artigo 10 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, na redacción establecida pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do artigo 28 dos estatutos do Instituto de Estudos do Territorio, aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, na redacción establecida polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 25 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.



2. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Felga, de 21 MW, composto por 5 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, torre meteorolóxica e centro de seccionamento e medida). As máquinas terán 4,2 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 112 metros e 136 metros de diámetro de rotor. A lonxitude dos camiños de nova execución é duns 2.683 metros, cun ancho de 5 metros, e será necesario acondicionar uns 166 metros de camiños existentes. Ademais, para o acceso á torre meteorolóxica, de 112 metros de altura, crearanse 356 metros de pistas novas, cun ancho menor que os accesos ao parque eólico, e se acondicionarán un total de 61 metros de pistas existentes. O centro de seccionamento e medida consistirá nun edificio prefabricado de formigón de planta rectangular de dimensións 10,42 x 3,20 metros. A enerxía producida no parque evacuarase cara a subestación do parque eólico Gato, SET PE Gato, situado no mesmo cordal a curta distancia do aeroxerador AE-5, actualmente en fase de tramitación.

O parque eólico localízase integramente no ámbito da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento anexo.

3. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), o lugar no que se proxecta a actuación localízase na grande área paisaxística Golfo Ártabro, na comarca paisaxística Golfo Ártabro Interior.

As áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próximas ao proxecto son a AEIP-10-08 Fragas do Mandeo, a uns 3,4 km ao norte, e a AEIP-07-01 Fraga das Barbudas e Val do Cambás a unha distancia aproximada de 7,7 km ao leste. Respecto aos miradoiros, os máis próximos son o Mirador de Rodeiro, a uns 2,4 km ao sur, o Mirador de Bandoxa, a uns 3 km ao suroeste, e o de A Espenuca, situado a uns 5 km en dirección norte. Máis lonxe, a uns 9,8 km ao nordés, localízase o Miradoiro de Aranga.

En relación a outros elementos do Catálogo, o Camiño de Santiago (Camiño Inglés) discorre en dirección norte-sur ao oeste do parque, e aproximadamente a uns 2 km ao nordés aparece o PR-G 35 O Río dos Dous Nomes.

De acordo co Catálogo das paisaxes, as infraestruturas do parque eólico atópanse en zonas de visibilidade baixa e media.

Os aeroxeradores dispóñense seguindo unha aliñación no cumio dun cordal montañoso de dirección noroeste – sueste. Trátase dunha contorna de relevo ondulado onde se suceden os montes e pequenas valgadas instaladas entre eles por onde discorren pequenos regatos que alimentan os cursos fluviais ao pé do cordal. Nos montes predominan as superficies de matogueiras cunha importante presenza de afloramentos rochosos de granito destacando principalmente nas zonas altas. Nas ladeiras aparecen plantacións forestais de piñeiros e eucaliptos que van sendo substituídas cara ás zonas de val por un mosaico de prados e cultivos localizados ao redor dos núcleos rurais e nas ribeiras dos cursos fluviais. Ao norte do parque, as instalacións dun polígono empresarial e as vías de comunicación de maior entidade que atravesan o ámbito, como son a autovía A-6 e a estrada nacional N-VI, engaden un carácter industrial á paisaxe da contorna.





Segundo a web do Rexistro eólico de Galicia, o parque eólico en funcionamento máis próximo ao proxecto sitúase a uns 10,5 km ao nordés. Non obstante, nun radio de 5 km existen outros cinco parques en tramitación, emprazándose un deles no mesmo cordal a uns 396 metros cara ao sur, tal e como se reflicte no plano de sinerxias do proxecto (Plano nº. 14.1).

4. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP do proxecto consta dunha análise do estado actual da paisaxe de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, un estudo da calidade e a fragilidade visual do ámbito, descríbense as características básicas do proxecto, calcúlanse as cuncas visuais, identifícanse e valóranse os impactos (incluíndo infografías) e se describen as medidas preventivas e correctoras adoptadas para minimizalos.

Para a determinación dos impactos sobre a paisaxe, o EIIP inclúe gráficos e planos das cuncas visuais desde cada un dos aeroxeradores e un plano da cunca visual para o conxunto do parque que se ben pode considerarse adecuada a distancia de 15 km empregada para o cálculo, a lectura do plano resulta dificultosa debido á gama de cor empregada. Ademais, calcúlase o grao de visibilidade en función da distancia e o número de aeroxeradores visibles, e se valora a incidencia ou afección visual sobre núcleos de poboación, vías de comunicación e elementos culturais e naturais, miradoiros e AEIP, plasmando o resultado nun plano específico (Plano nº. 9 Afección paisaxística). Con todo, conclúese que a afección visual do conxunto do parque será moderada. O estudo complétase con fotografías do ámbito e infografías nas que se amosa a visibilidade do parque desde as poboacións máis próximas e as vías de comunicación máis importantes. Respecto ás infografías cabe indicar que non resultan axeitadas para valorar o impacto visual dos aeroxeradores, sendo máis apropiado a utilización de fotografías reais tomadas en campo dende as localizacións mencionadas anteriormente.

O contido do EIIP está de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 25 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, polo que formalmente pode considerarse completo e axeitado á entidade do proxecto, se ben varios dos seus apartados limítanse a reproducir contidos do Catálogo das Paisaxes.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza dos aeroxeradores no cumio dun cordal, o que lle confire unha elevada visibilidade debido á súa posición dominante no relevo. Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico, nin afecta a lugares de especial interese paisaxístico ou rutas de sendeirismo. En relación aos miradoiros, as infraestruturas do parque serán potencialmente visibles dende os miradoiros de Rodeiro, Bandoxa e A Espenuca, se ben non son de esperar impactos significativos dada a distancia á que se sitúan e a presenza nas inmediacións destes lugares de plantacións arbóreas que xunto coa orografía do terreo, amortecen a visibilidade.

Os principais impactos visuais producíranse debido á distancia á que se sitúa o parque respecto aos núcleos de poboación, posto que existen asentamentos próximos ás infraestruturas, como son os localizados no val ao norte do proxecto, nas proximidades do polígono industrial de Coirós (Recebés, O Castrillón, Os Loureiros, O Fontelo ou A Costa), ademais dos de O Navallo, O Boilouro, A Barosa, O Castelo de Abaixo, A Ribeira, Rodeiro, Mende, Boqueixón ou Mortoares. Os núcleos de Coirós e Oza dos Ríos, sitúanse a uns 4,5 km en dirección noroeste e oeste, respectivamente. Os aeroxeradores do parque serán visibles total ou parcialmente dende a autovía A-6 e dende a estrada nacional N-VI, así



como dende as poboacións próximas, provocando unha certa incidencia paisaxística dadas as dimensións que acadan as máquinas e a súa localización nas elevacións que conforman os fondos escénicos dos núcleos.

Tamén se poden producir afeccións derivadas das obras de adecuación e apertura de camiños e de cimentación dos aeroxeradores aos afloramentos rochosos presentes nestes montes, os cales constitúen elementos conformadores da paisaxe e engaden valor ás escenas paisaxísticas do lugar.

O proxecto expón unha serie de medidas de integración paisaxística centradas no deseño do parque (trazado dos camiños e localización dos aeroxeradores minimizando os movementos de terras), no emprazamento do centro de seccionamento nunha zona chá con presenza de vexetación arbórea que mitiga a visibilidade, na posibilidade de levar a cabo plantacións arbóreas que actúen como barreiras visuais nas poboacións próximas ao parque, e nas medidas de recuperación e restauración dos terreos afectados polo proxecto.

5. Conclusión:

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido axústase formalmente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 25 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

Os principais impactos sobre a paisaxe derivan da apertura de novos camiños de acceso entre as máquinas, que alterarán a topografía das ladeiras e afectarán aos afloramentos rochosos presentes nestes montes, e da proximidade dos aeroxeradores aos núcleos de poboación, á autovía A-6 e á estrada nacional N-VI, o que sumado ás dimensións que acadan as infraestruturas nestas zonas elevadas e aos efectos acumulativos dos outros parques en tramitación, provoca unha certa incidencia visual na contorna.

As medidas de integración paisaxística previstas poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar os impactos do proxecto, se ben para asegurar unha mellor integración paisaxística recoméndanse adoptar os seguintes criterios e recomendacións:

- Deberanse aproveitar ao máximo os camiños xa existentes co fin de minimizar a alteración da topografía e os movementos de terra. Cabe indicar que entre as posicións dos aeroxeradores AE-3, AE-4 e AE-5, no acceso sur do parque, existen pistas que se deberían aproveitar, ou no seu caso acondicionarse, para evitar un novo trazado coa formación de desmontes e terrapléns na ladeira oeste do monte do Gato, agás que se xustifique a inviabilidade desta solución.
- Na mellora do firme de vías e accesos utilizaranse, sempre que sexa posible, materiais que non supoñan un contraste coas gamas cromáticas, adaptándose á topografía do terreo, seguindo aqueles tramos con menor pendente e procurando reducir as alteracións no sistema hidrolóxico e de drenaxe superficial, evitando a modificación de cursos naturais de auga. O viario dotarase da anchura mínima necesaria e de firmes flexibles, de tipo macádám ou similares, evitándose con carácter xeral os firmes ríxidos de formigón ou os semiflexibles de asfalto. Procurarase que tanto o viario de acceso ao parque como o interior teñan a menor pendente posible, contemplando as medidas necesarias para evitar a erosión naqueles tramos cuxa pendente sexa maior e dispoñendo de cunetas, drenaxes e asegurando un mantemento axeitado.
- Deberase minimizar a afección aos afloramentos rochosos que aparecen no lugar de implantación do parque, principalmente nas posicións dos aeroxeradores AE-4 e AE-5, posto





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 755/6
Fax: 981 541 757
secretaria.iet@xunta.gal
<http://mapas.xunta.gal>



INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO



que os mesmos constitúen elementos naturais singulares na composición das paisaxes engadindo riqueza ás escenas nesa contorna.

- Respecto ao edificio que albergará o centro de seccionamento e medida, recoméndase aplicar os criterios da *Guía de cor e materiais* dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Luís Álvarez Vicente

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio

Francisco Barea Paz

(Documento asinado electronicamente)



Xacobeo 2021

